



TEM- PADA /2018

de abril
a xuño

AS MATINAIS DO COLÓN

7. 8 de abril. TEATRO.
O último Dragón. *Sarabela Teatro.*
8. 29 de abril. TEATRO.
Agurtrat. *Cía. Pérez&Fernández.*
9. 6 de maio. TEATRO.
Os Fabulosos Cleaners. *Malasombra Producións.*
10. 13 de maio. CONCERTO.
María do Ceo. *María do Ceo e A Rum Rum Teatro.*
11. 20 de maio. CINE.
Mostra Internacional de Cinema Infantil. *Urdime.*
12. 27 de maio. DANZA.
Home de Area. *Ballet Norte.*
13. 10 de xuño. TEATRO.
Smart. *Culturactiva.*

PROGRAMA ESCOLAR

15. 13 de abril. TEATRO.
Cranios Privilexiados... ou crítica da razón perralleira.
Mofa e Befá.
16. 24 de abril. TEATRO.
#Camiños. *ButacaZero.*
17. 26 de abril. TEATRO.
Bicos con lingua. *Talía Teatro.*
18. 2 de maio. TEATRO.
Agurtrat. *Cía. Pérez&Fernández.*
19. 3, 7, 8, 15, 21, 22 e 29 de maio. VISITAS GUIADAS.
Descubre o Colón con María Casares. *Cunde.*
20. 14 de maio. CONCERTO.
Resoando no Pasado. *Abraham Cupeiro.*
21. 28 de maio. DANZA.
Home de Area. *Ballet Norte.*

COLÓN A ESCENA!

23. 8 de abril. CONCERTO.
Café Quijano. Tour 2018.

24. 11 de abril. DOCUMENTAL.
ARTE+MULLER+GALICIA. *Dirixido por Rosario Sarmiento.*
25. 13 de abril. TEATRO.
Cranios Privilexiados... ou crítica da razón perralleira. *Mofa e Befa.*
26. 14 e 15 de abril. TEATRO.
Estás aí? *Redrum Producións.*
27. 17 de abril. DANZA.
A Bela dormente. *Ballet de Moscova.*
28. 21 de abril. DESFILE.
Sete varas, un refaixo. *Asociación Etnográfica Sete Espadelas.*
29. 22 de abril. CONCERTO.
Ensemble Vigo 430. *Obras de Piazzolla e Nisinman.*
30. 25 de abril. CONCERTO.
Concerto Lisboa. *Gonçalo Guerreiro.*
31. 27, 28 e 29 de abril. HUMOR.
Somos Criminais. *Xosé A. Touriñán e Carlos Blanco.*
32. 5 de maio. TEATRO.
Os Fabulosos Cleaners. *Malasombra Producións.*
33. 12 de maio. CONCERTO.
María do Ceo. De Portugal a Galicia Fado.
34. 16 de maio. TEATRO.
Señora que pasea pola rúa con dous cans preciosos. *Matrioshka Teatro.*
35. 17 de maio. MÚSICA.
Os sons esquecidos. *Abraham Cupeiro.*
36. 23 de maio. TEATRO.
O paseo das esfinxes. *Manarte Producións.*
37. 26 de maio. DOCUMENTAL.
Sitio distinto. *Zirriborro Koop.*
38. 5 de xuño. MÚSICA.
POP Re-visited. *TAC – Taller Atlántico Contemporáneo.*
39. 7 de xuño. TEATRO.
Anacos de brétema no vento. *Casahamlet.*
40. 8 de xuño. TEATRO MUSICAL.
Tropical. *Elefante Elegante.*

CONEXIÓNS COLÓN

42. 4 e 5 de abril. DANZA.
Método negro. *Coreografía de Javier Martín.*

42. 7 de abril. CINE.
Nove de Novembro. *Dirixido por Lázaro Louzao.*
42. 4 e 5 de maio. CONGRESO.
XVII Congreso Nacional de Lupus. *Asociación Galega de Lupus.*
43. 10 de maio. ESPECTÁCULO.
VII Festival Arte pola igualdade 2018.
Xefatura Territorial de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Coruña.
43. 11 de maio. TEATRO.
Mar de Hilos. *Accem Galicia.*
43. 15 de maio. CONCERTO.
Músicas inclusivas e participativas. *Asoc. Cultural Tres por Cuatro.*
44. 25 de maio. CINE.
Cine Concerto. *eSe8.*
44. 31 de maio. ESPECTÁCULO.
Premios Solidarios Once Galicia. *ONCE.*
44. 1 de xuño. FESTIVAL.
Festival Elas Son Artistas. *Clubtura.*
45. 6 de xuño. CONCERTO.
Concerto da Big Band de Jazz. *Conservatorio Superior de Música da Coruña.*
45. 11 de xuño. GALA.
Gala Fin de Curso. *Pilates y Danza.*
45. 13 e 14 de xuño. GALA.
“Museo”. Gala Fin de Curso.
Conservatorio Profesional de Danza da Deputación da Coruña.
45. 15 de xuño. ESPECTÁCULO.
XXI Certame de Teatro Escolar e Afeccionado da Deputación da Coruña. *IES Calvo Sotelo.*

PRODUCCIÓNS DAC_CULTURA

47. 20 de abril. GALA.
Entrega de premios Youtubeir@s. *Coa Panadaría.*
48. 19 de maio. XORNADAS CULTURAIS.
Mulleres e Música. *Deputación da Coruña.*
48. 9 de xuño. XORNADAS CULTURAIS.
A escena galega no palco do Colón. *Deputación da Coruña.*
50. 1, 2, 6, 9, 11, 13, 14, 17, 20, 24 e 27 de maio. VISITAS GUIADAS.
Descubre o Colón con María Casares. *Cunde.*
51. 18-29 de xuño. TALLER.
John Strasberg. *Leccións maxistras de actuación.*

AS MATI- NAIS DO COLÓN

Unha das apostas do novo Colón: propoñémosvos un plan perfecto para os domingos pola mañá! Coas nosas matinais achegaremos diferentes espectáculos de música, monicreques, teatro e outras formas de expresión artística, sempre coa calidade por bandeira. Programación escénica e musical galega para o público familiar. Anotade nas axendas! Dous domingos de cada mes tedes unha cita familiar no Colón.

MATINAIS

TEATRO



8 de abril. 12:00H.

O ÚLTIMO DRAGÓN



Sarabela Teatro



3 €



Familiar

O dragón da nosa peza non é un dragón do común. Trátase do derradeiro da súa especie. Porque os tempos nos que os dragóns eran tan correntes como o son agora os autobuses xa pasaron cando comeza o noso espectáculo. Será por iso que cando a princesa e o neno Telmo se achegan ao fondo da cova onde vive para acabar con el e cumprir así a tradición, o noso amigo négase a se mover: “Para que vou eu querer unha princesa? Nin sequera se me ocorrería comer unha cousa tan horrible”, di con xigantesco asombro.

Á princesa Celia tampouco lle chista pasar á historia como a causante da extinción definitiva dos dragóns e, moito menos, ter que ser rescatada por un príncipe. Todos os que coñece son bastante parvos e, desde logo, moito menos hábiles ca ela coa espada.

TEATRO

MATINAIS



29 de abril. 12:00H.

AGURATRAT



Cía. Pérez&Fernández



3 €



Familiar

Aguratrát é unha adaptación teatral do libro “Esio Trot” de Roald Dahl, un dos autores máis lidos da literatura infantil universal. É unha bonita historia de amor e aventuras protagonizada por dúas persoas maiores, o señor Hoppy e a señora Silver. A terceira protagonista da historia é unha tartaruga, personaxe clave que dá título á peza.

MATINAIS

TEATRO

6 de maio. 12:00H.

OS FABULOSOS CLEANERS



Malasombra Producións



3 €



Familiar

Os Fabulosos Cleaners é un espectáculo de pompas de xabón para todos os públicos. Unha experiencia visual para participar toda a familia.

O autor alacantino Luis Beviá, que percorreu medio mundo co seu universo xabonoso (Londres, Hong-Kong, México, Colombia, Perú, Cuba, Grecia ou Islandia, entre outros) dirixe a parte técnica deste sorprendente espectáculo.

Dous operarios da limpeza do teatro, descubren por casualidade as posibilidades que lles ofrecen as súas ferramentas de traballo combinadas con auga e xabón. A partir de aí, os personaxes emprenderán unha excitante viaxe conducidos polas fantásticas pompas e burbullas.

O público sorprenderase e gozará con estas máxicas burbullas; pompas transparentes, con fume, con vapor, pequenas, grandes, estáticas ou voando polo escenario. O espectador camiñará da man destes personaxes por un mundo máxico, cheo de cor e de moito, moito humor, e verase sorprendido dentro dun patio de butacas repleto de miles de pompas de xabón.



13 de maio. 12:00H.

MARÍA DO CEO

CANCÍONS PARA NENAS E NENOS



María do Ceo e A Rum Rum Teatro



3 €



Familiar

A través da apresurada vida de dúas amigas dunha gran cidade, de calquera cidade galega, descubriremos grazas á música de María do Ceo e ás letras das súas cancións o bo que é ás veces pararse a respirar e volver ao rural; á casa da avoa, á aldea. Onde o tempo corre doutra maneira. escoitar ao cuco pola mañá, dar de comer á vaca cachena ou á Galiña azul, celebrar o aniversario.

Este concerto abrangue cancións para todas as idades, desde os bebés cunha canción de berce até o Babel plurilingüe ou as metáforas das xestas, a emigración da xoaniña ou a solidariedade da Galiña Azul.

Todo canto se faga para os cativos, faise para o país, para o futuro, para a identidade dun pobo. A formación, experiencia, coñecemento e gozo que se inclúa en calquera obra, ten un importante valor engadido.

Un concerto teatral para toda a familia, onde grandes e pequenos gozarán de pezas que falan de respecto, amizade, liberdade, diversidade ou solidariedade.



20 de maio. 12:00H. e 13:00H.

MOSTRA INTERNACIONAL DE CINEMA INFANTIL



Urdime



3 € / sesión



Familiar

Sesión 1 (12.00 h). De 4 a 7 anos. Caderno de viaxes. Atención pasaxeiras e pasaxeiros porque entramos no terreo da fantasía. Aquí coñeceredes a seres máxicos, algúns até monstruosos, chegados de alén dos sete mares e dos recunchos máis inhóspitos. É este un espazo para os soños, o misterio e a aventura, que nos guiarán na tarefa de esclarecer o descoñecido. Filmes: Conto de mantiña, O corcovado e o cisne, Charlot, Illas xemelgas, Por que se ten que poñer o sol?

Sesión 2 (13.00 h). + de 7 anos. Exploracións. Aos 7 anos o mundo é moi complexo, en especial porque non sempre entendemos a eses estraños seres que son os maiores, nin eles parecen entendernos a nós. Esta estación está dedicada aos conflitos e historias de nenas, nenos e o seu contorno máis próximo. Filmes: O meu neno interior, Neno grande, O príncipiño, Estraño impar, A xogar!

Todos os filmes da mostra foron candidatos ao Premio Buxainas que se concedeu no festival de cinema internacional "Cinema Crianza" para público maior de 3 anos.

DANZA

MATINAIS

27 de maio. 12:00H.

HOME DE AREA



Ballet Norte



3 €



Familiar

A acción trancorre nunha aldea onde viven, entre outros, Clara, o seu mozo Nathanael e o fabricante de xoguetes Coppelius.

Este último vive nunha casa misteriosa onde mantén as súas creacións, descoñecidas para o resto da xente: Autómatas de tamaño real.

Nathanael e os seus amigos quedan prendados da beleza dunha das autómatas fabricadas por Coppelius pensando que é unha moza de verdade.

Sen resistir a curiosidade, Clara e as súas amigas veñen un día á casa de Coppelius dispostas a descubrir cal é o xoguete escondido alí. Despois de indagar en todas partes, Clara decide facerse pasar pola autómatas favorita do artesán e facerlle así crer a Nathanael que ela é a moza de quen está namorado.

MATINAIS

TEATRO



10 de xuño. 12:00H.

SMART



Culturactiva



3 €



Familiar

SMART, como un teléfono intelixente pode convertirse nunha idiota é unha comedia sen palabras arredor do mundo das aplicacións móbiles. Tres pallasas engançadas ao seu smartphone acoden a unha clínica de rehabilitación para superar a súa adicción.

Desorientadas e sen o seu móbil, terán que aprender de novo a comunicarse e a vivir sen estar aferradas ao celular. SMART é un universo poético e surrealista de iconografía dixital. A través da técnica do *videomapping*, crean unha escenografía e un atrezzo virtual, un espazo visual e sonoro de apps, pantallas táctiles e sons dixitais, no que se mergullarán as tres estrambóticas pallasas e con elas todo o público.

PROGRA- MA ESCOLAR

O Teatro Colón mantén e reforza o programa escolar de artes escénicas, dirixido ao alumnado dos centros de primaria e secundaria de toda a provincia. Unha campaña coa que se pretende achegar o teatro aos públicos máis mozos, formándoos e convidándoos a participar dunha oferta escénica de calidade e con contidos vinculados ao traballo en valores, a cohesión social e o respecto á diversidade. O Colón tamén é escola, avisade nos vossos centros!

TEATRO

PROGRAMA
ESCOLAR



13 de abril. 11:00H.

MOFA E BEFA

CRANIOS PRIVILEXIADOS...

OU CRÍTICA DA RAZÓN PERRALLEIRA



Josito Porto e Víctor Mosqueira



Gratuito.

Entrada por convite, é necesario reservar



Escolares

Logo de vinte e cinco anos arriscando o pelexo sobre todo tipo de palcos e tablaos, tanto flamen-cos como euskaldúns, en festivais de teatro clásico e anódinos bares universitarios, en desapare-cidas salas alternativas ou nos desabrigados cortellos das redes teatrais do estado, o celebrado dúo cómico Mofa e Befá enfronta pola primeira vez na súa dilatada traxectoria o metálico ardor da dúbida. “E agora que?”, sería o seu particular remedo da dúbida metódica cartesiana, aquela que obriga aos dubidantes a desconfiar de todo o que os arrodea, a comezar por si mesmos, postulando ademais a existencia dun xenio maligno, tal vez un escuro funcionario da Xunta de Galicia, responsábel de os conducir por errados camiños e empurralos por derivas pouco susten-tábeis desde un punto de vista racional. É hora de pensar, non queda outra...

PROGRAMA
ESCOLAR

TEATRO



24 de abril. 11:00H.

#CAMIÑOS



ButacaZero



Gratuito.

Entrada por convite, é necesario reservar



Escolares

Que significa Galicia no século XXI? Partindo da idea desas aldeas que se baleiran cada día, dende ButacaZero quixemos reflexionar sobre o que se perde e o que se mantén dese pasado na nosa vida diaria. Os tópicos galegos represéntannos ou non? Cal é a nosa vida e que ten que ver coa imaxe estereotipada que de nós poden ter os de fóra? Que implica a emigración para Galicia dende o pasado e sobre todo no presente? Sobre todo isto reflexiona #camiños, unha peza de teatro moi físico na que a música folk convive coa electrónica, as bicicletas de spinning coas letras de Castelao, Rosalía ou Manuel María e onde os selfies conviven cos sachos. Un aluvián escénico que fará que os espectadores e as espectadoras non poidan ficar indiferentes.

TEATRO

PROGRAMA
ESCOLAR



26 de abril. 11:00H.

BICOS CON LINGUA



Talía Teatro



Gratuito.

Entrada por convite, é necesario reservar



Escolares

AUTOR: Avelino González, Cándido Pazó, Xavier Lama, Suso de Toro, Ana Iglesias, Núñez Singala e Marta Echeverría.

DIRECCIÓN: Avelino González. ELENCO: Toño Casais e Artur Trillo.

‘Bicos con lingua’ é un espectáculo que nace dun forte sentimento de amor cara a algo tan propio como é a nosa lingua. Non se trata en ningún momento dun exercicio de victimismo, nada máis lonxe da nosa intención, senón de afondar nun problema real e certamente preocupante.

Así, pretendemos que esta montaxe supoña para o espectador unha experiencia de redescubrimiento dunha lingua que existe e que medra na súa inmensa riqueza, a pesar dos usos e abusos aos que está sometida acotío.

TEATRO

PROGRAMA
ESCOLAR



2 de maio. 11:00H.

AGURATRAT



Cía. Pérez&Fernández



Gratuito.

Entrada por convite, é necesario reservar



Escolares

Aguratrát é unha adaptación teatral do libro “Esio Trot” de Roald Dahl, un dos autores máis lidos da literatura infantil universal. É unha bonita historia de amor e aventuras protagonizada por dúas persoas maiores, o señor Hoppy e a señora Silver. A terceira protagonista da historia é unha tartaruga, personaxe clave que dá título á peza.



PROGRAMA
ESCOLAR

VISITAS GUIADAS

3, 7, 8, 15, 21, 22 e 29 de maio. 11:00H e 12:00H.

DESCUBRE O COLÓN CON MARÍA CASARES



Cunde



Gratuito.

Entrada por convite, é necesario reservar



Escolares (a partir de 8 anos)

Visitas guiadas ao Teatro Colón con María Casares.

Como é un Teatro á italiana por dentro?

Quen foi María Casares e como era a vida teatral na Coruña dos anos 30?

Como cambiou o Colón desde a súa construción en 1948 até os nosos días?

Estes son os tres eixes desta proposta de visita ás instalacións do Teatro Colón. O público que nos visite poderá coñecer as partes dun teatro: platea, proscenio, escenario e caixa negra, maquinaria, camerinos, foso da orquestra... todo explicado e conducido pola nosa particular María Casares, que enlazará esta información coa súa vida e a do Teatro Colón ao longo do tempo.

PROGRAMA
ESCOLAR

CONCERTO

14 de maio. 11:00H.

RESOANDO NO PASADO



Abraham Cupeiro



Gratuito.

Entrada por convite, é necesario reservar



Escolares

Resoando no Pasado é unha colección de instrumentos que Abraham Cupeiro mostra a través dun concerto pedagóxico no que viaxa ao pasado máis remoto da nosa especie a través dos sons dos instrumentos de vento.

Dende unha pequena frauta de óso (46.000 a.c) ata un gran Sousaphone orixinal do século XIX. Na colección, están representados instrumentos de todas as familias, lugares e épocas.

Ao longo do concerto, todos eles resoan de novo e dan lugar a interesantes anécdotas, de xeito que nos achegan á parte máis humana dos instrumentos musicais.

“Pedagóxico, ameno, e sobre todo, cheo de emoción, Resoando no Pasado é un proxecto para todos os públicos”. “Unha forma de achegarse a outras épocas e culturas a través dos instrumentos”. Este proxecto viu a luz no 2006 e dende entón máis de 40.000 persoas puideron desfrutar deste concerto.

DANZA

PROGRAMA
ESCOLAR



28 de maio. 11:00H.

HOME DE AREA



Ballet Norte



Gratuito.

Entrada por convite, é necesario reservar



Escolares

A acción trancorre nunha aldea onde viven, entre outros, Clara, o seu mozo Nathanael e o fabricante de xoguetes Coppelius.

Este último vive nunha casa misteriosa onde mantén as súas creacións, descoñecidas para o resto da xente: Autómatas de tamaño real.

Nathanael e os seus amigos quedan prendados da beleza dunha das autómatas fabricadas por Coppelius pensando que é unha moza de verdade.

Sen resistir a curiosidade, Clara e as súas amigas veñen un día á casa de Coppelius dispostas a descubrir cal é o xoguete escondido alí. Despois de indagar en todas partes, Clara decide facerse pasar pola autómatas favorita do artesán e facerlle así crer a Nathanael que ela é a moza de quen está namorado.

COLÓN A ESCENA!

O ciclo da programación escénica e musical coa que a Deputación da Coruña quere apoiar as propostas máis vivas e interesantes do teatro e da música galega e, como non, achegar ao noso escenario diferentes propostas de calidade doutras culturas.

COLÓN
A ESCENA!

CONCERTO



8 de abril. 20:30H.

CAFÉ QUIJANO

TOUR 2018



Golden Ticket: 35 € / Platea e Palcos: 30 €

Principal: 25 €. Palcos VR (11 e 12): 25 €



Xeral

Cando se cumpren 20 anos desde o seu debut discográfico, Café Quijano regresan aos grandes escenarios con todo o seu potencial eléctrico e acústico. Nesta xira, os irmáns Quijano fan xustiza a todos os grandes momentos da súa carreira incluíndo tanto o pasado como o presente. Desta maneira, Café Quijano ofrecen un repertorio no que non faltan nin as cancións emblemáticas coas que triunfaron en todo o mercado latinoamericano nin tampouco os arrebataadores boleros acústicos aos que lles dedicaron a súa triloxía iniciada en 2012. E por suposto, tampouco faltan neste show as súas novas creacións. Porque se algo está claro é que Café Quijano manteñen intacta a súa capacidade creativa e non pararon de compoñer novas cancións, novos temas que verán a luz nun próximo disco.

DOCUMENTAL

COLÓN
A ESCENA!

ARTE + MULLER + GALICIA

11 de abril. 20:00H.

ARTE+MULLER +GALICIA

DIRIXIDO POR ROSARIO SARMIENTO



Gratuíto



Xeral

Proxección deste audiovisual e coloquio posterior. O documental ARTE+MULLER+GALICIA, expón un achegamento ao traballo daquelas artistas mulleres cuxa obra resulta fundamental para entender o desenvolvemento da historia da arte contemporánea en Galicia. A través das biografías, as obras e fundamentalmente os testemuños destas artistas pertencentes a diferentes ámbitos creativos e xeracionais, ARTE+MULLER+GALICIA debuxa un amplo e plural escenario de reflexión sobre as circunstancias que rodearon a súa carreira como creadoras.

COLÓN
A ESCENA!

TEATRO



13 de abril. 20:30H.

MOFA E BEFA

CRANIOS PRIVILEGIADOS...

OU CRÍTICA DA RAZÓN PERRALLEIRA



Josito Porto e Víctor Mosqueira



Palcos laterais e VL: 4 €. Principal: 8 €
Palcos centrais: 8 €. Platea: 10 €



Xeral

Logo de vinte e cinco anos arriscando o pelexo sobre todo tipo de palcos e tablaos, tanto flamencos como euskaldúns, en festivais de teatro clásico e anódinos bares universitarios, en desaparecidas salas alternativas ou nos desabrigados cortellos das redes teatrais do estado, o celebrado dúo cómico Mofa e Befá enfrota pola primeira vez na súa dilatada traxectoria o metálico ardor da dúbida. “E agora que?”, sería o seu particular remedo da dúbida metódica cartesiana, aquela que obriga aos dubidantes a desconfiar de todo o que os arrodea, a comezar por si mesmos, postulando ademais a existencia dun xenio maligno, tal vez un escuro funcionario da Xunta de Galicia, responsábel de os conducir por errados camiños e empurralos por derivas pouco sustentábeis desde un punto de vista racional. É hora de pensar, non queda outra...

COLÓN
A ESCENA!

TEATRO



14 e 15 de abril. 20:00H.

ESTÁS AÍ?



Redrum Producións



Palcos laterais e VL: 4 €. Principal: 8 €
Palcos centrais: 8 €. Platea: 10 €



Xeral

“Estás aí?” é unha fascinante comedia que narra os desencontros dunha parella que se muda a un novo apartamento no que habita un personaxe invisible que os fará desesperarse coas súas trasnadas. Mentres están a superar a sorpresa e buscan a forma de convivir co inesperado convidado, un feito casual fará que comecen a cuestionar o seu amor e a forma na que se están relacionando. Durante o proceso descubrirán que, ás veces, as cousas non son o que parecen e que a forma en que nos comunicamos pode construír barreiras ou destruílas.

DANZA

COLÓN
A ESCENA!

17 de abril. 20:00H.

A BELA DORMENTE



Ballet de Moscova



Grupos: 20€ (mínimo 12 persoas).

Principal e Palcos VL: 29 €. Platea e Palcos: 35 €



Xeral

O Ballet de Moscova interpreta unha das grandes obras compostas para a danza polo xenial Chaikovski. A coreografía conmove ao público pola súa sensibilidade ao dar forma á historia de amor imposible de Siegfried e Odette. A peza, chea de maxia e romanticismo, foi estreada a finais do século XIX e desde entón foi unha das máis coreografiadas e versionadas de todos os tempos.

DESFILE

COLÓN
A ESCENA!



21 de abril. 20:30H.

SETE VARAS, UN REFAIXO



Asociación Etnográfica Sete Espadelas



Gratuito



Xeral

Pasarela de 45 traxes tradicionais antigos e reproducións fidedignas do vestuario tradicional. O grupo de música multi-instrumental Sete Espadelas será o encargado de facer a interpretación novidosa e máis actual da música do espectáculo.

COLÓN
A ESCENA!

CONCERTO



22 de abril. 20:00H.

ENSEMBLE VIGO 430

OBRAS DE PIAZZOLLA E NISINMAN



Palcos VR e Principal: 15 €. Palcos laterais: 18 €
Platea e Palcos: 20 €



Xeral

O Ensemble Vigo 430 conta nesta ocasión con tres extraordinarios músicos invitados para un programa con total protagonismo de Astor Piazzolla: a violinista Rusanda Panfili, a violista Dana Zemtsov e o compositor, arreglista e bandoneonista Marcelo Nisinman, do que tamén poderemos escoitar unha das súas creacións neste concerto, ademais de varios arranxos do xenial compositor arxentino.

COLÓN
A ESCENA!

CONCERTO



25 de abril. 20:30H.

CONCERTO LISBOA

GONÇALO GUERREIRO



Palcos laterais e VL: 4 €. Principal: 8 €
Palcos centrais: 8 €. Platea: 10 €



Xeral

O Concerto Lisboa celebra a revolución dos cravos de 25 de abril de 1974. Gonçalo Guerreiro, acompañado por un conxunto de excelentes músicos coruñeses, presenta un repertorio de temas en portugués a partir de poemas de Fernando Pessoa: “Estas cancións xorden das sensacións e pensamentos que foron nacemento en min ao longo dos anos que levo vivindo en Galicia. Existen para que eu poida atopar memorias da cidade onde nacín, Lisboa, no lugar onde agora vivo.”

Son cantigas enraizadas na música lusófona que buscan unha sonoridade universal.

Paralelamente ao seu traballo musical, Gonçalo Guerreiro é actor e director da compañía Elefante Elegante. No espectáculo ao vivo usa os seus recursos escénicos para establecer co público unha relación de complicidade. Neste caso, levaranos de viaxe desde a formación do reino de Portugal até a Revolución de Abril. O espectador mergúllase nun universo rítmico e melódico que viaxa do humor á nostalgia, do rock á canción de amor, do pop ao jazz, pasando sempre polo Fado.

HUMOR

COLÓN
A ESCENA!

SOMOS CRIMINAIS

27 e 28 de abril. 20:30H e 23:00H.

29 de abril. 18:00H e 20:30H.

SOMOS CRIMINAIS

XOSÉ A. TOURIÑÁN E CARLOS BLANCO



Principal e Palcos VL: 8 €. Palcos: 10 €. Platea: 12 €



Xeral

Temos unha cultura criminal propia? Delinquimos como galegos? Para responder a estas preguntas, Carlos Blanco e Touriñán analizan e dramatizan crimes autóctonos en todas as súas variables, desde o crime por arrotada ata o crime por acumulación de mala hostia, pasando polo crime familiar por causa das herdanzas, o asasinato por suxestión ou as orixes do narcotraficante galego. A conclusión é clara: Somos Criminais.

TEATRO

COLÓN
A ESCENA!

5 de maio. 20:00H.

OS FABULOSOS CLEANERS



Malasombra Producións



Palcos laterais e VL: 4 €. Principal: 8 €
Palcos centrais: 8 €. Platea: 10 €



Familiar

Os Fabulosos Cleaners é un espectáculo de pompas de xabón para todos os públicos. Unha experiencia visual para participar toda a familia.

O autor alacantino Luis Beviá, que percorreu medio mundo co seu universo xabonoso (Londres, Hong-Kong, México, Colombia, Perú, Cuba, Grecia ou Islandia, entre outros) dirixe a parte técnica deste sorprendente espectáculo.

Dous operarios da limpeza do teatro, descubren por casualidade as posibilidades que lles ofrecen as súas ferramentas de traballo combinadas con auga e xabón. A partir de aí, os personaxes emprenderán unha excitante viaxe conducidos polas fantásticas pompas e burbullas.

O público sorprenderase e gozará con estas máxicas burbullas; pompas transparentes, con fume, con vapor, pequenas, grandes, estáticas ou voando polo escenario. O espectador camiñará da man destes personaxes por un mundo máxico, cheo de cor e de moito, moito humor, e verase sorprendido dentro dun patio de butacas repleto de miles de pompas de xabón.

COLÓN
A ESCENA!

CONCERTO

12 de maio. 21:00H.

MARÍA DO CEO

DE PORTUGAL A GALICIA FADO



Palcos VR: 12 €

Platea, Principal e Palcos: 15 €



Xeral

De Portugal a Galicia Fado é un concerto onde María do Ceo, nos leva da man a esa Lisboa do Bairro Alto, cantando os estilos dos fados máis tradicionais, este espectáculo é un repaso da súa traxectoria de vinte anos de carreira musical.

COLÓN
A ESCENA!

TEATRO



DÍA DAS LETRAS GALEGAS

16 de maio. 20:30H.

SEÑORA QUE PASEA POLA RÚA CON DOUS CANS PRECIOSOS



Matrioshka Teatro



Palcos laterais e VL: 4 €. Principal: 8 €
Palcos centrais: 8 €. Platea: 10 €



Xeral

Este espectáculo é un percorrido pola vida e obra de María Victoria Moreno Márquez que se describía a si mesma coma unha señora que pasea pola rúa con dous cans preciosos. Queremos lanzar, un convite aberto a todos os públicos que busquen- precisen-disfruten, de universos de imaxes e letras, de mulleres que viaxan a contracorrente, de accións e camiños por camiñar.

Escritora, mestra, loitadora, artista, defensora da lingua, María Victoria Moreno é pioneira da literatura infantil e xuvenil en lingua galega, mestra apaixonada polo ensino, namorada da boa literatura, e de escoitar e falar cos cachorros dos humanos, como lle gustaba chamar ao seu alumnado.

Sementadora de futuro que exploraba camiños diferentes para mundos mellores coa previsión de advertir das paisaxes fermosas ou das cárcavas perigosas ás xentes que veñen detrás.

Señora que pasea pola rúa con dous cans preciosos mete os pés no teatro e camiña no escenario da man de María Victoria para revelar estados de ánimo, ilusións, medos, incertezas e esperanzas, porque nós cremos, coma ela, que as persoas estamos feitas para levar adiante os proxectos máis fermosos.

MÚSICA

COLÓN
A ESCENA!



17 de maio. 20:00H.

OS SONS ESQUECIDOS



Abraham Cupeiro



Palcos laterais e VL: 4 €. Principal: 8 €
Palcos centrais: 8 €. Platea: 10 €



Xeral

O multiinstrumentista Abraham Cupeiro propón con este concerto unha viaxe no tempo a través da música, unha búsqueda das fontes orixinais para fundilas co contemporáneo, creando un discurso novo e sorprendente.

Durante o concerto, Abraham despreza sobre o escenario máis dunha decena de instrumentos pouco convencionais, algúns deles construídos ou atopados por el mesmo. O elemento central é o carnix, unha trompeta celta de 3 metros de lonxitude, rescatada hai poucos anos grazas a descubrimentos musicolóxicos e levada polo solista a unha nova dimensión.

TEATRO

COLÓN
A ESCENA!



23 de maio. 20:30H.

O PASEO DAS ESFINXES



Manarte Producións



Palcos laterais e VL: 4 €. Principal: 8 €
Palcos centrais: 8 €. Platea: 10 €



Xeral

Un camiño na procura da vida e do mar.

Teatro poético, contemporáneo e clásico a un tempo, tanto na concepción do marco escénico, plasticamente dinámico, como no tratamento da personaxe principal, Lisis.

A protagonista interpela ás sombras das esfinges na evocación da infancia perdida, da emoción inocente do primeiro amor e dos desexos inefábeis que nela producía “aquela canción que falaba do mar”. Mais a súa voz, con convición e sen amargura, establece unha intensa comunicación co espectador cando expresa os sentimentos e reflexións que proporciona a elección dun camiño persoal autónomo e incerto.

Lisis, rebélase diante do destino que lle agarda e que lle deseñaron. Unha actitude vital que devén na procura de instantes de plenitude efémeros que se esvaen tan de preza como as ondas do mar borran as pegadas humanas deixadas sobre a area.

COLÓN
A ESCENA!

DOCUMENTAL

Per...
Sestao Gasteiz
Renteria Biarritz
Ermua Ondarroa
Bilbao Donostia
Trintxerpe Oiartzun
Laudio Barakaldo
Ondarroa Eibar Gallarta
Sestao Masustegi

26 de maio. 20:00H.

SITIO DISTINTO



Ziriborro Koop



Gratuito



Xeral

Proxección e presentación musicada de Sitio distinto, unha longametraxe documental dirixida por Davide Cabaleiro. Sitio Distinto mostra as diferentes ondas migracionais desde Galicia. Unha viaxe que comezou hai xa 150 anos con destino ás minas de ferro, despois viría a pesca, a industria... ata chegar aos mozos galegos de hoxe en día que poboan a identidade vasca. Un camiño que uniu co tempo a dous pobos que comparten o ter dúas culturas e linguas minorizadas. Este documental é unha viaxe desde finais do século XIX ata a actualidade para entender por que chegaron os galegos a Euskal Herria. E, sobre todo, por que quedaron. E como esa decisión xerou que ambos os pobos se atopen e creen xuntos a nivel musical, literario, social e cultural. Como eses inmigrantes chegaron a un sitio distinto e como crearon barrios que acabaron por converterse en sitios distintos para autóctonos. Outra lingua, outros costumes, outra cultura que termina por atoparse coa cultura e lingua vasca.

COLÓN
A ESCENA!

MÚSICA



5 de xuño. 20:30H.

POP RE-VISITED



TAC - Taller Atlántico Contemporáneo



Palcos laterais e VL: 4 €. Principal: 8 €
Palcos centrais: 8 €. Platea: 10 €



Xeral

Obras inspiradas en Siniestro Total, Elvis Presley e Bob Dylan. Todos sabemos que a música clásica influenciou o pop e o rock, pero: e do xeito contrario? Este programa reflexa a visión de compositores clásicos contemporáneos como J. Corigliano, M. Daugherty ou Javier L. de Guereña sobre o traballo de figuras emblemáticas da cultura pop/rock: Elvis Presley, Siniestro Total ou o premio Nobel de literatura Bob Dylan.

TEATRO

COLÓN
A ESCENA!



7 de xuño. 20:30H.

ANACOS DE BRÉTEMA NO VENTO



Casahamlet



Gratuíto



Xeral

Representación dunha Aula Aberta, unha exposición dos traballos interpretativos realizados polos alumnos do Estudo de Teatro Casahamlet, con motivo do seu XX Aniversario. Unha mostra antolóxica de distintas escenas de diversos autores: Tennessee Williams, Alan Poe, Manuel Lourenzo, A. Cunqueiro, entre outros, que leva por título: Anacos de brétema no vento.

COLÓN
A ESCENA!

TEATRO MUSICAL



8 de xuño. 20:30H.

TROPICAL



Elefante Elegante



Palcos laterais e VL: 4 €. Principal: 8 €
Palcos centrais: 8 €. Platea: 10 €



Xeral

Tropical é un espectáculo sensitivo, universal e evocador que mergulla no universo da viaxe e na súa vasta riqueza de matices e dimensións. Un navío habitado por viaxeiros con destinos entrecidos. Turistas, migrantes, músicos e refuxiados custodiados por unha vixiante e dilixente tripulación. Do norte ao sur nun cruceiro sedutor e do sur ao norte fuxindo da fame e dos cascallos.

CONEXIONES COLÓN

Conexións Colón engloba todas as actividades que se desenvolven no Teatro a través da nosa colaboración ou cesión a diferentes entidades culturais e sociais sen ánimo de lucro. A Deputación da Coruña aposta desta maneira pola apertura das instalacións do teatro á cidadanía e colectivos da provincia, co obxectivo de que poidan promover actividades culturais desde perspectivas cívicas para a mellora social e cultural.

CONEXIÓNS COLÓN


| DANZA

4 e 5 de abril. 20:00H.

MÉTODO NEGRO

COREOGRAFÍA DE JAVIER MARTÍN

 Javier Martín  Gratuito  Xeral



O Teatro Colón acolle o proxecto de investigación en comunidade da coreografía '**método negro**' de Javier Martín e a súa residencia técnica, unha iniciativa impulsada desde o **Colectivo rpm** a través do programa '**residencias paraíso**'.

Dentro das actividades públicas da residencia, sitúanse estas dúas xornadas nas que se abrirá a creación do solista ao público mediante a mostra escénica de fragmentos e escenas que conformarán a peza -actualmente en cuestión e traballo-, e mediante o relato da súa creación a través de vídeos, textos e obxectos que a conforman. A segunda xornada completárase coa proxección da película '**q'viasma**', que o cineasta Tono Mejuto realizou no propio teatro acerca do proceso de creación coreográfica de Javier.

| CINE

7 de abril. 20:30H.

NOVE DE NOVIEMBRE

DIRIXIDO POR LÁZARO LOUZA

 Gratuito  Xeral



Estrea no Teatro Colón do filme **Nove de Novembro**, a primeira longametraxe de temática LGTB rodada en galego. **Nove de Novembro** foi rodada de forma case íntegra na cidade da Coruña e por iso cremos de vital importancia que reciba unha estrea na súa cidade natal acorde á relevancia de dito proxecto. Trátase dunha oportunidade para a cidade de visibilización e normalización ao redor de valores como a diversidade, a inclusión e o uso do galego.

| CONGRESO

4 e 5 de maio.

16:30H. a 20:00H. e 10:30H. a 14:00H.

XVII CONGRESO NACIONAL DE LUPUS

 Asociación Galega de Lupus  Xeral

A Asociación Galega de Lupus "AGAL" organiza o XVII Congreso Nacional de Lupus no Teatro Colón. Durante dúas xornadas, os mellores especialistas abordarán neste encontro as últimas noticias sobre avances científicos no tratamento do lupus.

CONEXIÓNS COLÓN

| ESPECTÁCULO

10 de maio. 19:00H.

VII FESTIVAL ARTE POLA IGUALDADE 2018

 Xefatura Territorial de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Coruña  Gratuíto  Xeral

Neste acto, ademais de lembrar a figura da autora homenaxeada este ano polo Día das Letras -María Victoria Moreno Márquez-, quérese dar a coñecer o traballo de integración que se desenvolve nos centros educativos participantes e demostrar que a discapacidade física e/ou psíquica non é un impedimento para desenvolver o potencial creativo e a sensibilidade artística. Un bo número de alumnos e alumnas do CEE Nosa Señora do Rosario, do CEIP Eusebio da Guarda e do Conservatorio Profesional de Música da Coruña representarán unha obra teatral e interpretarán distintas pezas musicais.

| TEATRO

11 de maio. 20:30H.

MAR DE HILOS

 Accem Galicia  Gratuíto  Xeral

TEXTOS: Antonia Bueno, Antonio Zancada e Némer Salamún.

DIRECCIÓN DE ESCENA: Agustín Bolaños. AXTE. DIRECCIÓN: Anahí Taraburelli.

ESCENOGRAFÍA/ATREZZO E VESTUARIO: Obradoiro de Plástica y Atrezzo&Vestuario

de Mar de Hilos. ASESORÍA ARTE: Yanina Torres, Alejandra Pérez e Marta Rodríguez.

MÚSICA: Obradoiro de Música de Mar de Hilos. DIRECCIÓN MUSICAL: Karlos Barral.

PRODUCCIÓN: Mar de Hilos. INTÉRPRETES: Obradoiro de Expresión Corporal de Mar de Hilos.



Mar de Hilos é o nome que damos ao conxunto de pezas teatrais ou calas dramáticas, que é como se refiren a elas os autores dos textos. O nexo destas dramaturxias será a música, percusión en directo e o cante do sur.

Unha selección de textos breves escritos por dramaturgos e dramaturgas de distintas promocións e lugares da xeografía española. Todos eles comparten unha mesma sensibilidade: son interpelados polo impacto emocional das migracións e manifestan a necesidade urxente de abordar estas temáticas debido á súa enorme repercusión social. Os protagonistas das súas obras son exiliados, inmigrantes e refuxiados, pero tamén aparecemos “nós”, os que estamos, xerando contrapuntos dramáticos que deveñen en antíteses irreconciliables: africano fronte a europeo, Oriente fronte a Occidente, o que se queda fronte ao que se vai, eles fronte a nós.

| CONCERTO

15 de maio. 20:30H.

MÚSICAS INCLUSIVAS E PARTICIPATIVAS

 Asoc. Cultural Tres por Cuatro  Gratuíto  Xeral



CONEXIÓNS COLÓN

Realización dun concerto conxunto con dúas agrupacións da Asociación Cultural Tres por Cuatro -o Grupo Vocal EntrElas e o Coro Sotto Voce-, coa colaboración da Banda Municipal de Música da Coruña.

| CINE

25 de maio. 20:30H.

CINE CONCERTO

 eSe8  Gratuito  Xeral



Gala de inauguración da (S8) Mostra de Cinema Periférico. Chega a novena edición deste festival que se celebrará na cidade da Coruña do 25 de maio até o 3 de xuño. Unha mostra de cine internacional cun concepto único no panorama do noso país e que comparte un espírito explorador con imprescindibles citas mundiais como Rotterdam, Ann Arbor ou Toronto, situando á nosa cidade no mapa da creación cinematográfica contemporánea.

| ESPECTÁCULO

31 de maio. 20:30H.

PREMIOS SOLIDARIOS ONCE GALICIA

 ONCE  Gratuito  Xeral



SOLIDARIOS

Gala de celebración da XI Edición dos Premios Solidarios ONCE Galicia. Estes galardóns teñen como finalidade recoñecer a persoas físicas ou xurídicas que destaquen polo seu labor solidario na súa contorna de influencia, procurando a inclusión social de todos os cidadáns, a normalización, a autonomía persoal e a accesibilidade universal.

| FESTIVAL

1 de xuño. 20:30H.

FESTIVAL ELAS SON ARTISTAS

 Clubtura  Palcos laterais e VL: 4 €. Principal e Palcos centrais: 8 €. Platea: 10 €  Xeral



Espectáculo musical enmarcado dentro dos actos do festival Elas Son Artistas.

CONEXIÓNS COLÓN

| CONCERTO

6 de xuño. 20:30H.

CONCERTO DA BIG BAND DE JAZZ

 Conservatorio Superior de Música da Coruña  Por determinar
 Xeral



Concerto a cargo da BigBand de Jazz do Conservatorio Superior de Música da Coruña.

| GALA

11 de xuño. 20:00H.

GALA FIN DE CURSO

 Pilates y Danza  6 €  Xeral



A academia Pilates y Danza tráenos o seu fin de curso inspirado na música e o baile ao longo da historia dos musicais máis coñecidos de Broadway. Así, ao ritmo do Rei León, Cabaret e Cats entre outros, representaranse actuacións tanto de adultos

como infantís de ballet clásico, baile moderno, danza contemporánea e Classic Barré.

| GALA

13 e 14 de xuño. 20:30H.

“MUSEO”. GALA FIN DE CURSO

 Conservatorio Profesional de Danza da Deputación da Coruña
 Gratuito  Xeral



O Conservatorio de Danza introdúcese no mundo das artes a través da pintura, dando vida a diferentes imaxes plasmadas nos cadros que se poden admirar nunha visita ao “Museo”.

| ESPECTÁCULO

15 de xuño. 20:30H.

XXI CERTAME DE TEATRO ESCOLAR E AFECCIONADO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

 IES Calvo Sotelo

Gala de clausura e entrega de premios Certame de Teatro Escolar e Afeccionado da Deputación da Coruña, que na súa XXI edición está organizado polo IES Calvo Sotelo.

PRODU- CIONS DAC_CULTURA

O Teatro Colón e a área de Cultura da Deputación da Coruña unimos forzas para o desenvolvemento de iniciativas e proxectos de produción propia, centrados fundamentalmente na divulgación social de efemérides, figuras ou temáticas de especial interese para o campo social e cultural galego.

GALA

PRODUCCIÓN
DAC_CULTURA

20 de abril. 20:00H.

ENTREGA DE PREMIOS YOUTUBEIR@S

COA PANADARÍA



Gratuito.

Entrada por convite, é necesario reservar



Xeral

A entrega de premios da segunda edición Youtubeir@s terá a súa noite de gala no Teatro Colón da Coruña. Nesta noite daranse a coñecer as persoas premiadas nas diferentes categorías e farase entrega dos galardóns e das contías. O acontecemento estará conducido pola compañía de teatro A Panadaría que vestirán de música e humor este acto de celebración d@ youtubeir@ que levamos dentro!



· XORNADAS ·

19 de maio

MULLERES E MÚSICA

9 de xuño

A ESCENA GALEGA NO
PALCO DO COLÓN



Deputación
DA CORUÑA

MULLERES E MÚSICA



- 11:00 horas.** Benvida e presentación da xornada.
- 11:30 horas.** *Killing me softly (Matándome suavemente)*. Mesa redonda.
- 12:30 horas.** *Lentes lilás na Música*. Presentación do documento para avanzar na igualdade de xénero en eventos e programación musicais.
- 13:00 horas.** *Vivir na Coruña*. Directo con *Mounqup*.
- 17:00 horas.** *Moita pista por gastar*. Encontro aberto con *Ses*, presentado por *Teresa Cuíñas*.
- 18:15 horas.** *Cando a vida che dá un martelo*. Panel de experiencias presentado por *Marta García Márquez*, con *Tamara Rodríguez*, *Cecilia Carballido*, *Yolanda Villa*, *Mar Catarina* e *MJ Pérez*.
- 20:30 horas.** *Jazz: estéreo-tipas*. *Naima Acuña Trío* en concerto.
- 21:30 horas.** *Ábrese o pano... e aparece a DJ!* Con *Cora Novoa DJ Set*.

A ESCENA GALEGA NO PALCO DO COLÓN



- 10:00 horas.** Benvida e presentación da xornada.
- 10:30 horas.** *Os procesos creativos na ensinanza das artes escénicas*. Unha conversa con *Daniel Salgado*, *Irene Moreira*, *Carlos Neira* e *Carlos Sante*.
- 12:30 horas.** *A creación de espazos sonoros e visuais como ferramenta dramatúrxica*. *Baltasar Patiño* e *Laura Iturralde* son entrevistados por *Afonso Becerra*.
- 13:30 horas.** *Conversa: Narrativas escénicas*. Unha conversa entre *Xulio Lago* e *Areta Bolado*, na que confrontar dúas formas de comprender a construción do relato escénico contemporáneo.
- 16:30 horas.** *A creación escénica desde a perspectiva do/a intérprete escénico/a*. Conversa entre *Patricia de Lorenzo*, *Eduardo Alberto Rodríguez Cunha* "TATÁN", *Olga Cameselle* e *Pablo Reboleiro*, moderada por *Esther Carrodegua*.
- 18:30 horas.** *A Dirección de escena e a dramaturxia. Diferentes xeitos de tecer a estrutura dramatúrxica dunha peza*. Unha conversa con *Tito Asorei*, *Marta Pazos*, *Quico Cadaval* e *Ruth Balbís*.
- 20:00 horas.** *Catro Cías. escénicas galegas, amosan quince minutos do seu traballo en espazos non convencionais dentro do Teatro Colón: Elefante Elegante, Prácido Domingo, Caramuxo Teatro e Manicómicos*.

A entrada é libre ata completar aforo

www.aculturaeundereito.gal



PRODUCCIÓN
DAC_CULTURA

VISITAS GUIADAS

1, 2, 6, 9, 11, 13, 14, 17, 20, 24 e 27 de maio.
18:00H e 19:00H. Xoves e Venres ás 12:00H. e 13:00H.

DESCUBRE O COLÓN CON MARÍA CASARES



Cunde



Gratuito.

Entrada por convite, é necesario reservar



Xeral

Visitas guiadas ao Teatro Colón con María Casares.

Como é un Teatro á italiana por dentro?

Quen foi María Casares e como era a vida teatral na Coruña dos anos 30?

Como cambiou o Colón desde a súa construción en 1948 até os nosos días?

Estes son os tres eixes desta proposta de visita ás instalacións do Teatro Colón. O público que nos visite poderá coñecer as partes dun teatro: platea, proscenio, escenario e caixa negra, maquinaria, camerinos, foso da orquestra... todo explicado e conducido pola nosa particular María Casares, que enlazará esta información coa súa vida e a do Teatro Colón ao longo do tempo.



Zeitun Films



Xeral

18-29 de xuño.

JOHN STRASBERG

LECCIÓN MAXISTRAS DE ACTUACIÓN

John Strasberg, herdeiro da longa tradición teatral da escola realista, chega dende Nova York para impartir un taller para actrices e actores e compartir coa cidade os seus revolucionarios coñecementos sobre o proceso artístico e a súa carreira como actor, escritor, director e mestre de actores. Así como a súa experiencia profesional por todo o mundo dende os seus inicios como estudante e no mítico *The Actors Studio*.

1. TALLER PARA ACTORES. 18-29 xuño.

Taller impartido polo mestre de actores John Strasberg. Traballarase en parellas sobre escenas do Teatro Universal que serán repartidas unha vez feito o grupo de traballo.

Luns a Venres. Horario 10:00h. a 15:00h. Prezo: 450 €.

24 prazas para actrices e actores. Matrículas enviando CV a strasbergcoruna@gmail.com

20 prazas ao día, de ouvintes. Entradas web. 15 €/día.

2. PROYECCIÓN DO FILME ACCIDENTALMENTE A PROPÓSITO. 22 xuño. 20:30h.

Película presentada por John Strasberg sobre as Nove leis naturais da creatividade e o Proceso Creativo Orgánico. Posterior coloquio con preguntas e respostas do público.

Gratuíto, entrada web.

3. MASTERCLASS. 29 xuño. 20:30h.

Exposición do traballo de John Strasberg. Moderada por Mateo Franco, actor e alumno de Strasberg. Gratuíto, entrada web.

4 e 5 de abril. DANZA. **Método negro.** *Coreografía de Javier Martín.* CONEXIÓNS COLÓN. (Páx. 42).

7 de abril. CINE. **Nove de Novembro.** *Dirixido por Lázaro Louzao.* CONEXIÓNS COLÓN. (Páx. 42).

8 de abril. TEATRO. **O último Dragón.** *Sarabela Teatro.* AS MATINAIS DO COLÓN. (Páx. 7).

8 de abril. CONCERTO. **Café Quijano. Tour 2018.** COLÓN A ESCENA! (Páx. 23).

11 de abril. DOCUMENTAL. **ARTE+MULLER+GALICIA.** *Dirixido por Rosario Sarmiento.* COLÓN A ESCENA! (Páx. 24).

13 de abril. TEATRO. **Cranios Privilexiados... ou crítica da razón perralleira.** *Mofa e Befa.* PROGRAMA ESCOLAR. (Páx. 15).

13 de abril. TEATRO. **Cranios Privilexiados... ou crítica da razón perralleira.** *Mofa e Befa.* COLÓN A ESCENA! (Páx. 25).

14 e 15 de abril. TEATRO. **Estás aí?** *Redrum Producións.* COLÓN A ESCENA! (Páx. 26).

17 de abril. DANZA. **A Bela dormente.** *Ballet de Moscova.* COLÓN A ESCENA! (Páx. 27).

20 de abril. GALA. **Entrega de premios Youtubeir@s.** *Coa Panadaría.* PRODUCIÓNS DAC_CULTURA. (Páx. 47).

21 de abril. DESFILE. **Sete varas, un refaixo.** *Asociación Etnográfica Sete Espadelas.* COLÓN A ESCENA! (Páx. 28).

22 de abril. CONCERTO. **Ensemble Vigo 430.** *Obras de Piazzolla e Nisínman.* COLÓN A ESCENA! (Páx. 29).

24 de abril. TEATRO. **Camiños.** *ButacaZero.* PROGRAMA ESCOLAR. (Páx. 16).

25 de abril. CONCERTO. **Concerto Lisboa.** *Gonçalo Guerreiro.* COLÓN A ESCENA! (Páx. 29).

26 de abril. TEATRO. **Bicos con lingua.** *Talía Teatro.* PROGRAMA ESCOLAR. (Páx. 16).

27, 28 e 29 de abril. HUMOR. **Somos Criminais.** *Xosé A. Touriñán e Carlos Blanco.* COLÓN A ESCENA! (Páx. 31).

29 de abril. TEATRO. **Aguratrát.** *Cía. Pérez&Fernández.* AS MATINAIS DO COLÓN. (Páx. 8).

1, 2, 6, 9, 11, 13, 14, 17, 20, 24 e 27 de maio. VISITAS GUIADAS.

Descubre o Colón con María Casares. *Cunde.* PRODUCIÓNS DAC_CULTURA. (Páx. 50).

2 de maio. TEATRO. **Aguratrát.** *Cía. Pérez&Fernández.* PROGRAMA ESCOLAR. (Páx. 18).

3, 7, 8, 15, 21, 22 e 29 de maio. VISITAS GUIADAS.

Descubre o Colón con María Casares. *Cunde.* PROGRAMA ESCOLAR. (Páx. 19).

4 e 5 de maio. CONGRESO. **XVII Congreso Nacional de Lupus.**

Asociación Galega de Lupus. CONEXIÓNS COLÓN. (Páx. 42).

5 de maio. TEATRO. **Os Fabulosos Cleaners.** *Malasombra Producións.*

COLÓN A ESCENA! (Páx. 32).

6 de maio. TEATRO. **Os Fabulosos Cleaners.** *Malasombra Producións.*

AS MATINAIS DO COLÓN. (Páx. 9).

10 de maio. ESPECTÁCULO. **VII Festival Arte pola igualdade 2018.**

Xefatura Territorial de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Coruña.

CONEXIÓNS COLÓN. (Páx. 43).

11 de maio. TEATRO. **Mar de Hilos.** *Accem Galicia.* CONEXIÓNS COLÓN. (Páx. 43).

12 de maio. CONCERTO. **María do Ceo. De Portugal a Galicia Fado.**

COLÓN A ESCENA! (Páx. 33).

13 de maio. CONCERTO. **María do Ceo.** *María do Ceo e A Rum Rum Teatro.*

AS MATINAIS DO COLÓN. (Páx. 10).

14 de maio. CONCERTO. **Resoando no Pasado.** *Abraham Cupeiro.* PROGRAMA ESCOLAR.

(Páx. 20).

15 de maio. CONCERTO. **Músicas inclusivas e participativas.**

Asoc. Cultural Tres por Cuatro. CONEXIÓNS COLÓN. (Páx. 43).

16 de maio. TEATRO. **Señora que pasea pola rúa con dous cans**

preciosos. *Matrioshka Teatro.* COLÓN A ESCENA! (Páx. 34).

17 de maio. MÚSICA. **Os sons esquecidos.** *Abraham Cupeiro.* COLÓN A ESCENA! (Páx. 35).

19 de maio. XORNADAS CULTURAIS. **Mulleres e Música.** *Deputación da Coruña.*

PRODUCIÓNS DAC_CULTURA (Páxs. 48 e 49).

20 de maio. CINE. **Mostra Internacional de Cinema Infantil.** *Urdime.*

AS MATINAIS DO COLÓN. (Páx. 11).

23 de maio. TEATRO. **O paseo das esfinxes.** *Manarte Producións.* COLÓN A ESCENA! (Páx. 36).

25 de maio. CINE. **Cine Concerto.** *eSe8.* CONEXIÓNS COLÓN. (Páx. 44).

26 de maio. DOCUMENTAL. **Sitio distinto.** *Zirriborro Koop.* COLÓN A ESCENA! (Páx. 37).

27 de maio. DANZA. **Home de Area.** *Ballet Norte.* AS MATINAIS DO COLÓN. (Páx. 12).

28 de maio. DANZA. **Home de Area.** *Ballet Norte.* PROGRAMA ESCOLAR. (Páx. 21).

31 de maio. ESPECTÁCULO. **Premios Solidarios Once Galicia.** *ONCE.* CONEXIÓNS COLÓN. (Páx. 44).

1 de xuño. FESTIVAL. **Festival Elas Son Artistas.** *Clubtura.* CONEXIÓNS COLÓN. (Páx. 44).

5 de xuño. MÚSICA. **POP Re-visited.** *TAC – Taller Atlántico Contemporáneo.* COLÓN A ESCENA! (Páx. 38).

6 de xuño. CONCERTO. **Concerto da Big Band de Jazz.** *Conservatorio Superior de Música da Coruña.* CONEXIÓNS COLÓN. (Páx. 45).

7 de xuño. TEATRO. **Anacos de brétema no vento.** *Casahamlet.* COLÓN A ESCENA! (Páx. 39).

8 de xuño. TEATRO MUSICAL. **Tropical.** *Elefante Elegante.* COLÓN A ESCENA! (Páx. 40).

9 de xuño. XORNADAS CULTURAIS. **A escena galega no palco do Colón.** *Deputación da Coruña.* PRODUCIÓNS DAC_CULTURA (Páxs. 48 e 49).

10 de xuño. TEATRO. **Smart.** *Culturactiva.* AS MATINAIS DO COLÓN. (Páx. 13).

11 de xuño. GALA. **Gala Fin de Curso.** *Pilates y Danza.* CONEXIÓNS COLÓN. (Páx. 45).

13 e 14 de xuño. GALA. **“Museo”. Gala Fin de Curso.** *Conservatorio Profesional de Danza da Deputación da Coruña.* CONEXIÓNS COLÓN. (Páx. 45).

15 de xuño. ESPECTÁCULO. **XXI Certame de Teatro Escolar e Afeccionado da Deputación da Coruña.** *IES Calvo Sotelo.* CONEXIÓNS COLÓN. (Páx. 45).

18–29 de xuño. TALLER. **John Strasberg.** *Leccións maxistras de actuación.* PRODUCIÓNS DAC_CULTURA. (Páx. 51).

VENDA DE ENTRADAS

www.ataquilla.com

902 504 500, luns a sábado non festivos de 8 a 22h.

Sede Afundación A Coruña, Cantón Grande 8, luns a sábado, de 9 a 21h.

Teatro Colón o día do espectáculo, de 12 a 14h. e de 16:30h a peche.

Os datos contidos neste programa así como os prezos dos espectáculos poden sufrir variacións.

Por favor consulten a web do Teatro para asegurarse.

Para os espectáculos gratuítos é necesario retirar o convite na billeteira do Teatro.

www.teatrocolon.es

